



**Decálogo de vantaxes
do emprego da lingua galega
no eido empresarial**

XUNTA DE GALICIA



Dende agosto do ano 2016 a Xunta de Galicia conta cun instrumento fundamental para o desenvolvemento de accións de promoción do galego no ámbito empresarial: o **Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020**. Este plan desenvolve por vez primeira desde a Administración autonómica as directrices para este ámbito establecidas no sector 4 do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia no ano 2004.

O **Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico**, que recolle distintas medidas e accións para a implantación e a consolidación do uso do idioma galego neste sector, foi acordado e completado coas achegas de axentes implicados no ámbito económico.


No marco do plan establécense unha serie de medidas agrupadas en dez áreas de actuación: hostalería, comercio, alimentación, TIC, construción e inmobles, banca, asesoramento e intermediación, axencias de publicidade, relacións laborais e cooperativismo. Ademais destas, inclúe un apartado de medidas xerais, un grupo de actuacións aplicables a todo tipo de empresas e que non son específicas de ningunha das devanditas áreas.

Precisamente o presente **Decálogo** é unha das medidas xerais mencionadas, polo que constitúe un paso máis na aplicación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Con el a Secretaría Xeral de Política Lingüística pretende, pois, darlles cumprimento ás directrices deste plan e avanzar así na extensión do uso do galego no ámbito empresarial.

Este catálogo ten como obxectivo facerlle ver ao empresariado que o galego pode favorecer os resultados e os obxectivos dos seus negocios, pois constitúe un valor diferencial. Así mesmo, o seu emprego neste ámbito, de grande influencia e prestixio, pode supor un efecto multiplicador no resto da sociedade.



**XUNTA
DE GALICIA**



**Usa o galego para mellorar a túa
empresa no século XXI**

Dámosche 10 razóns para facelo



O uso do galego mellora a calidade na atención á clientela

As empresas deben estar en condicións de poder atender a clientela na súa lingua de preferencia, de adaptarse á súa lingua, xa que isto constitúe un beneficio.

As relacións lingüísticas neste contexto poden basearse na denominada **oferta positiva**, un xesto que consiste en adoptar o galego como lingua de contacto inicial da empresa coa clientela e en manterse nela mentres a persoa interlocutora non demostre que prefire comunicarse noutro idioma.

Empregar o galego ofrece unha imaxe de **proximidade, xeográfica e persoal**, e non hai rexeitamento cara aos negocios que o empregan, como o demostran os casos de empresas de éxito que teñen esta lingua como unha marca que as identifica.

O uso do galego na empresa mellora a **calidade** do seu servizo; ofrece un **trato máis próximo**; amosa **empatía**; xera **maior confianza** e **fideliza a clientela**.



O uso do galego contribúe á diferenciación na imaxe da empresa

O uso do galego beneficia a **diferenciación fronte aos competidores**. Ofrece moitas **oportunidades comunicativas na publicidade**, xa que permite o emprego de **recursos expresivos propios** do galego cos que as persoas comunicadoras poderán identificarse.

A utilización do galego na **publicidade**, a **rotulación** ou a **marca** mellora a **competitividade**, pois facilita a **identificación** da empresa e mellora a receptividade; establece unha **singularización** e unha diferenciación, xa que reforza a imaxe da marca nun mercado global, identifícaa; reforza tamén a **compoñente emocional**, pois conecta coa **idiosincrasia** galega; xera **confianza**, polo valor que adquire un produto asociado ao territorio (dálle maior autenticidade pola vinculación coa **orixe**); e crea **conciencia**, pois o produto adquire prestixio a través de valores culturais e identitarios.



O galego proxecta os valores de responsabilidade social empresarial da empresa

O uso do galego demostra unha **implicación** da empresa coa comunidade na que se insire e supón unha mostra dos seus **valores**.

O galego tamén pode formar parte da estratexia de **responsabilidade social empresarial**, xa que co seu emprego a empresa amosa a súa contribución á sociedade na que se insire, á súa **cultura**, e demostra os seu compromiso con valores como o **respecto ás minorías, á diversidade ou ao plurilingüismo**.



O uso do galego promove un clima laboral de confianza e a implicación do persoal coa empresa

O uso do galego na empresa garante o respecto aos **dereitos lingüísticos** do persoal.

A comunicación en galego dentro da empresa mellora o **clima de confianza** entre o persoal directivo e o resto de traballadoras e traballadores e tamén unifica o grupo e tece lazos entre compañeiras e compañeiros.

O emprego do galego pode contribuír a xerar entre o persoal un maior **sentimento de pertenza** á organización e, polo tanto, incrementar a súa **implicación** na empresa.



O galego abre as portas á internacionalización no mercado da lusofonía

O galego é útil en Galicia, un **mercado** de case 3 000 000 de persoas, en concreto, arredor de 2 800 000, un número semellante ao de países europeos como Armenia, Albania ou Lituania, e superior a doutros como Eslovenia, Macedonia, Letonia ou Estonia.

Pero, ademais, o galego é unha lingua con **proxección internacional** pola súa proximidade estrutural e a súa intercomprensibilidade co **portugués**, lingua oficial en sete estados do mundo e que conta con 250 millóns de falantes.

O galego, pois, ábrenos as portas á **lusofonía**, o que lles pode axudar ás empresa nas **exportacións** e tamén nos seus procesos de **internacionalización**.



A etiquetaxe en galego identifica un produto de calidade

Un produto que está etiquetado en galego identifícase inmediatamente con Galicia, é o seu **sinal de identidade**. É pois un elemento **diferenciador** fronte ao de fóra, que axudará a crear unha maior **afinidade** coa marca, maior **empatía**.

A etiquetaxe en galego dálle ao produto unha imaxe de autenticidade, de compromiso co país e cos seus valores culturais e identitarios, e coa súa idiosincrasia (sobre todo, no caso de produtos tradicionais): se está feito en Galicia é **auténtico**, o que lle dá **prestixio** e aumenta a **confianza** nel, sobre todo pola imaxe de excelencia asociada ao produto galego.

Ademais, etiquetar en galego dá imaxe de **coherencia** na comunicación: é lóxico e coherente vender en galego un produto galego.



O uso do galego favorece as relacións económicas de proximidade con provedores e clientela

O uso do galego favorece o trato con provedores de **proximidade**, o que fomenta o consumo de produtos de **quilómetro cero**.

O uso do galego tamén pode contribuír ao mantemento de postos de traballo en Galicia e a frear a **deslocalización**: se demandamos atención en galego aseguramos a procedencia galega e a contratación de persoas en Galicia.



Dispoñer dun idioma propio como o galego posiciónanos con vantaxe na creación dunha industria das linguas

A mobilidade e o **plurilingüismo** xerados pola globalización están a facer xurdir un importante sector económico, a **industria lingüística** (tradución, edición e revisión de textos, terminoloxía, ensino de idiomas, consultoría lingüística etc.), que en Galicia aínda ten que un longo percorrido por diante.

O desenvolvemento dunha industria da lingua pode supoñer, pois, un notable impacto en termos de **PIB** e de **emprego**. Estudos feitos para outras linguas demostran deste feito, como no caso do éuscaro, un idioma minoritario que xera arredor de 56 000 empregos (o 6,3 % dos traballadores vascos) e representa o 4,2 % do PIB do País Vasco, o que se traduce nuns 2800 millóns de euros ao ano.



Existen numerosos casos de éxito contrastado de empresas que xa empregan o galego

Existen numerosos exemplos de empresas que usan con éxito o galego, que o teñen como un dos seus **sinais de identidade** e que xeran beneficios e simpatías entre as persoas consumidoras. Un claro exemplo é a operadora R, cuxo éxito publicitario radica, en gran medida, no emprego do galego, que lle confire un plus de calidade e distinción.

Pero moitas outras empresas destacan e destacaron polo emprego desta lingua na súa **publicidade**. Por citar algunhas, a conserveira Massó, Zeltia, Pescanova, Sargadelos, Castromil, Construcións Malvar, Vego, Gadis, Deleite, Hoxe... e moitas outras.

As empresas vinculadas ao sector do viño en Galicia, que conta con moi boa imaxe, tamén supoñen un modelo que poden imitar outros sectores. Son moitas as adegas que etiquetan en galego, o que fai que o seu viño se identifique inmediatamente coas súa procedencia.



As tecnoloxías dixitais facilitanlles ás empresas a personalización de produtos, de contidos e de mensaxes en galego

A presenza do galego nas novas tecnoloxías facilita que as empresas empreguen o galego na súa actividade diaria. As TIC posibilitan a utilización de **ferramentas** que axudan neste labor, como é o caso dos tradutores automáticos, correctores, dicionarios, glosarios con léxico especializado... Así pois, con estes recursos é máis doado para as empresas empregar o galego en rótulos, publicidade, comunicacións, documentación etc.

A existencia dun dominio propio, o **.gal**, axuda, nunha internet global, a identificar as empresas galegas, que acadan deste xeito unha maior visibilidade dentro da rede. Este dominio supón, pois, unha marca diferenciadora fronte á competencia e fronte aos produtos que veñen de fóra. Así, o .gal significa para o negocio un sinal de distinción, moi útil nalgúns sectores, e identifícaa inmediatamente como membro dunha comunidade cultural e lingüística.

**Decálogo de vantaxes
do emprego da lingua galega
no eido empresarial**

www.lingua.gal



**XUNTA
DE GALICIA**